EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º CICLO DE PRIMARIA
FORMACIÓN DE USUARIOS

Obxectivos:

1-Desenvolverse na biblioteca e nas diferentes seccións:
-Ao principio de curso, na primeira sesión da hora do conto:
-Ir a biblioteca, lendo os carteis que hai no cole que nos din por onde ir.
-Presentarlles a coordinadora de biblioteca e máis a auxiliar de biblioteca.
-Antes de entrar na biblioteca, pararse a mirar o expositor de libros do mes, e os carteis que hai antes de entrar.
-Unha vez dentro, recorrer a biblioteca e os seus recantos, verbalizando para que é cada un.
-Ir lendo os carteis en voz alta para eles.
-Repasar as normas da biblioteca (tedes os carteis con debuxos para axudarvos)
-Explicarlles a distribución de espacios por idades, o recanto dos ordenadores, o expositor de novidades, as revistas..
-Ensinarlles onde están os apropiados a súa idade,e a cor que teñen no lombo para identificalos.
-Poñémoslle un gomet da súa cor (o azul e máis o vermello ,) na man.
-Darlles unha **guía de uso da biblioteca** para levar para a súa aula.

2-Saber buscar e localizar a información.
-Ensinarlles a distribución dos seus libros :
Etiqueta azul (de 3 a anos):
Para saber e aprender:

- Animais
- Natureza
- Saber

Para ler e mirar:

- Contos clásicos
- Contos con pictogramas
- Lectura fácil
- Contos de medo
- Contos de amigos
- Educación emocional (Ser mellores)
- O resto por coleccións.

Para diferencialos dos outros, levan un cartel na fronte ou un pictograma.

Etiqueta vermella (de 6 a 9 anos):
Igual que os anteriores, por colección, excepto os apartados:
Para ler:

- Poesía
- Teatro
- Contos clásicos

- Contos de medo
- Narrativa en xeral

Para saber e aprender:

- Animais
- Arte e manualidades
- Saber (este apartado ocupa bastante, pois colle de todo)

-Pedirlles que busquen todos os contos que tratan de princesas (ou de lobos, de avoas,de xigantes, de bruxas....)
-Pedirlles que busquen algún conto que transcorra no bosque, ou no mar, na montaña, nunha cidade,..
-Pedirlles despois que os garden no lugar correspondente.
-Buscar libros que nos dean información sobre as mascotas que teñen na casa (gatos, cans , tartarugas, hámster)
-Buscar información e imaxes en Internet, usando o encerado dixital

3-Actividades de formación de usuarios:
-Crear caderno de lector/a , onde irán anotando os libros que van lendo,indicando título e autor/a.
-Levaremos tamén os alumnos/as de 1º a biblioteca central para facelos socios/as,e alí coñecerán ó bibliotecario e aprenderán a escoller libros,e a permanecer en silencio.

4-Xogos de formación de usuarios.
-Xogo do semáforo: .(Dámoslle a cada un unha tarxeta de cartolina verde e outra vermella, e levantan as que correspondan segundo lles imos preguntando: ¿pódese correr na biblioteca?, levantan tarxeta vermella,¿podemos coller libros?..)
-Nas seguintes sesións de hora do conto:
-Darlles unha copia do plano da biblioteca, e que busquen un marcapáxinas que estará escondido nun lugar marcado no plano.

5-Aprender o uso de documentos.
-Ensinarlles a pasar as follas dos libros con coidado.
-Ensinarlles a atopar o título do libro.
-Ensinarlles a atopar o autor/a do libro.
-Agasallo dun marcapáxinas, e ensinarlles a usalo.

4-Procesar a información.Elaborar documentos.
-Pedirlles que fagan un debuxo sobre un libro que buscamos previamente entre todos (sobre príncipes e princesas, sobre bruxas, etc.).
-Pedirlles que fagan unha pequena ficha a partir dun libro que buscaron.
Ex: si buscamos libros sobre leóns, poñer título ao texto, debuxo e información referida aos leóns.
-Facer murais ou carteis murais coa información recollida sobre un tema:

- Algo que lles pida “Paco”, a mascota da biblioteca
- Algún tema que traballen na aula

-NO BLOGUE

E tamén educación informacional as entradas que poñemos no blogue, e que remiten a outras páxinas, e as webquest .
http://www.bibliotecadocole.com

Bibliografía:

“La formación de usuarios en la biblioteca escolar” Mónica Baró